



ANEXO VII: PUBLICIDADE CORPORATIVA

De conformidade coas Bases 7ª.5) e 13ª) da norma reguladora das subvencións, a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos subvencionables nos programas desta convocatoria, levarase a cabo polas entidades beneficiarias mediante os seguintes modelos oficiais de publicidade corporativa, que **estarán a disposición das interesadas na Concellaría de Participación Cidadá e Distritos** ou na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org/convocatoriasubvencions). Deberá respectarse, en todo momento, a imaxe corporativa, o formato e dimensións establecidas.

No momento da xustificación as entidades beneficiarias deben presentar, como documentación complementaria, unha **reportaxe fotográfica da/s actividade/s celebrada/s e publicacións editadas con posterioridade a data da convocatoria de estas bases**, na que se acredite a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos segundo os modelos seguintes:

PUBLICIDADE COMÚN PARA OS 4 PROGRAMAS:

MODELO DE CARTEL PARA INSERCIÓN EN MEDIOS ELECTRÓNICOS (*formato png descargable na páxina web municipal*) **E/ OU EN FORMATO PAPEL:**

ENTIDADE FINANCIADA

**CONCELLO
DE VIGO**



*SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACION E DIFUSION DE ACTOS SOCIAIS
E ENCONTROS VECINAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIDADÁ
VIGO 2024*

MODELO DO LOGO MUNICIPAL EN FORMATO VECTORIZADO (*descargable na páxina web municipal*) **PARA INSERCIÓN EN MATERIAL PUBLICITARIO**

**CONCELLO
DE VIGO**





ANEXO VII: PUBLICIDADE CORPORATIVA

PUBLICIDADE ESPECIFICA PARA O PROGRAMA I: Gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares.

Nos eventos que se realicen, deberán **incorporar o logotipo do Concello mediante banderolas ou lonas nas zonas escénicas** (escenarios, palcos, tarimas, carpas...) e accesos aos recintos (*este material publicitario poderá solicitarse vía correo electrónico: ofi.pcidada@vigo.org coa antelación suficiente para poder coordinar a recollida do material solicitado*).

PUBLICIDADE ESPECIFICA PARA O PROGRAMA II: Gastos de organización de xogos populares:

As entidades beneficiarias deben informar e publicitar as actividades subvencionadas **incorporando o logotipo do Concello de Vigo, nos materiais impresos** (carteis, folletos, follas informativas...), en medios electrónicos, audiovisuais ou anuncios nos medios de comunicación escritos.

Modelo para carteis publicitarios en formato A3 e A4 (*descargables dende páxina web municipal en formato .odt de LibreOffice*)

CONCELLO
DE VIGO





ANEXO VII: PUBLICIDADE CORPORATIVA

PUBLICIDADE NO PROGRAMA III: Gastos para o deseño e impresión de publicacións

- Incorporar 2 páxinas de información institucional ou saúda municipal (*este material publicitario poderá solicitarse vía correo electrónico: ofi.pcidada@vigo.org coa antelación suficiente para poder xestionar o envío do material solicitado*)
- Incorporar o logotipo do Concello de Vigo, en todas as publicación editadas e impresas segundo o modelo que se indica a continuación:
 - *Modelo de portada en formato A5.*

CONCELLO
DE VIGO



**MODELO PORTADA
LIBROS**